

CIRCULAR: 4/04

DATA: 11 de febreiro de 2004

ASUNTO: Instrucións sobre a regulación do proceso para a cobertura temporal da atención continuada no ámbito das urxencias extrahospitalarias no Servicio Galego de Saúde.

ORIXE: División de Recursos Humanos.

DESTINATARIOS: Xerencias de Atención Primaria e Direccións Provinciais do Sergas.

REGULACIÓN DO PROCESO PARA A COBERTURA TEMPORAL DA ATENCIÓN CONTINUADA NO ÁMBITO DAS URXENCIAS EXTRAHOSPITALARIAS NO SERVICIO GALEGO DE SAÚDE.

No Pacto polo que se regulan determinadas condicións de traballo do persoal que presta servizos no ámbito das urxencias extrahospitalarias na atención primaria do Servicio Galego de Saúde (DOG nº 44 de 2 de marzo de 2001) e no Pacto de selección temporal de diversas categorías de persoal estatutario (DOG nº 39 do 25 de febreiro de 2000) regúlase a selección de profesionais sanitarios para a cobertura de atención continuada nos ámbitos de atención urxente extrahospitalaria na atención primaria do Servicio Galego de Saúde.

Regulado o exercicio de opción voluntaria para realizar quendas de atención continuada por encima das horas obrigatorias para o cadro de persoal de atención primaria, unha vez determinadas polas Xerencias as horas a cubrir en cada dispositivo, cómpre levar a efecto o proceso de selección temporal de profesionais e a cobertura da atención continuada nos ámbitos de atención urxente extrahospitalaria.

As presentes instrucións se dictan tamén en desenvolvemento do acordado no seo da Comisión de Seguimento do Pacto de urxencias extrahospitalarias publicado no DOG nº 1 de 2 de xaneiro de 2004.

Con ese obxecto, en uso das competencias atribuídas á División de Recursos Humanos do SERGAS, polo Decreto 45/2002 do 8 de febreiro polo que se establece a estrutura orgánica do Servicio Galego de Saúde (DOG nº 7 do 20 de febreiro), previa negociación no seo das comisións de seguimento dos pactos antes citados, o director xeral da División de Recursos Humanos vén a dicta-las seguintes

I N S T R U C C I Ó N S:

PRIMEIRA: OBXECTO.

As presentes instruccións teñen por obxecto regulamenta-lo proceso de selección e vinculación de persoal médico de familia e persoal de enfermería nos ámbitos que se determinen das urxencias extrahospitalarias nas institucións sanitarias de atención primaria do Servicio Galego de Saúde.

SEGUNDA: DETERMINACIÓN DOS VÍNCULOS.

1º.- A determinación das horas de atención continuada a vincular así como do número de profesionais necesarios para a súa cobertura nos distintos ámbitos territoriais, realizarase polas Xerencias con fundamento nas horas a cubrir en cada área e ámbito, así como nas circunstancias configuradoras dos marcos territoriais de servicio da atención primaria, as necesidades concorrentes e o número de aspirantes inscritos nas listas de cada categoría.

2º.- Para determina-las horas a cubrir, mediante vínculo de atención continuada de seis meses de duración, teranse en conta as non realizadas de xeito voluntario polo persoal do cadro de persoal, as horas derivadas das



exencións de maiores de 55 anos ou por enfermidade, descontando as cargas obrigatorias a repartir entre o persoal do cadro de persoal obrigado á súa realización.

3º.- De acordo co disposto na Circular 3/04 desta División, o número de profesionais necesarios para cada dispositivo calcularase tomando como referencia mínima a realización de alomenos 900 horas anuais por vínculo e profesional. De non ter profesionais dispoñibles para cubrir as horas necesarias ampliarase o número de horas de vinculación ata o límite de 1400 horas anuais. Poderán vincularse profesionais de áreas limítrofes que non teñan alcanzado o tope máximo de 1400 horas.

TERCEIRA: PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN E ASIGNACIÓN DE ATENCIÓN CONTINUADA.

1º.- As xerencias, con anterioridade ó inicio do procedemento de selección convocarán ás comisións de centro correspondentes, coas que conxuntamente tratarán a información sobre horas e disponibilidad de profesionais e achegarán, de se-lo caso, os acordos que se estimen necesarios segundo o disposto nestas instrucións. Unha vez determinadas as horas e as necesidades de vinculación temporal iniciarase o proceso de selección dos aspirantes.

2º.- A iniciación do procedemento realizarase mediante a publicación das ofertas nos taboleiros de anuncios co obxecto de facilita-la información ós interesados, na que deberán constar a data de inicio e remate do procedemento. Os aspirantes das categorías obxecto de cobertura formalizarán a súa solicitude de acordo co procedemento que se determine, que deberá realizarse antes do 15 de febreiro de 2004. Na oferta incluírase información con tódolos datos necesarios, tales como:

1º.- PAC: localidades e centro/s de prestación de servicios que se ofertan na área e número de profesionais que prestan servizo neles.

2º.- Horas de cobertura previstas en cada PAC.

3º.- Número de persoal necesario para a súa cobertura.

4º.- Data e lugar de formalización do compromiso de cobertura e demais información sobre o nomeamento e a alta continuada á Seguridade Social.

3º.- As xerencias de atención primaria (con competencia na xestión das listas de persoal facultativo), e as direccións provinciais (responsables da xestión do persoal de enfermería) levarán a efecto a selección de maneira coordinada entre eles. A selección poderá realizarse por escrito ou ben mediante comparecencia ante un órgano acreditado.

4º.- A selección de aspirantes realizarase por número de orde das listas vixentes. Dadas as características do novo nomeamento, con anterioridade ás ofertas trátanse nas Comisións provinciais de seguimento do Pacto de selección temporal as incidencias que podan derivarse da orde de selección.

5º.- Por tratarse de vínculos considerados na xestión de listas como de longa duración, os aspirantes inscritos nos listados especiais de urxencias extrahospitalarias que estean vinculados nas institucións sanitarias do SERGAS por nomeamentos de duración inferior a un ano deberán ser obxecto de selección. Tamén serán chamados os aspirantes que se encontren suspendidos por aplicación da disposición 8ª do Pacto. En ámbolos dous supostos, a vinculación quedará diferida ata o remate do vínculo co SERGAS ou do período de descanso. Non serán convocados os aspirantes que non

estean dispoñibles para vinculacións temporais e non teñan manifestada a súa dispoñibilidade con anterioridade ó inicio do procedemento.

6º.- Con carácter xeral os vínculos serán efectivos o 1 de marzo e terán unha duración de seis meses, duración que poderá ser prorrogada de manterse as causas que os motivaron. A prórroga será obxecto de negociación no seo da Comisión de seguimento do Pacto de urxencias extrahospitalarias.

CUARTA: ORDE DE CHAMAMENTOS.

Os profesionais aspirantes á cobertura de urxencias extrahospitalarias serán chamados en número suficiente e pola seguinte orde:

1º.- Aspirantes que figuran nos listados especiais de urxencias extrahospitalarias confeccionados ó abeiro da convocatoria ordinaria do Pacto vixente de selección temporal (DOG nº 13 de 18 de xaneiro de 2002) e publicados o 23 de setembro de 2002. Seguidamente se chamarán pola súa orde no listado ordinario ós aspirantes que houberan formalizado a solicitude a listados especiais de urxencias extrahospitalarias en convocatorias extraordinarias posteriores.

Os aspirantes do listado especial de urxencias extrahospitalarias na categoría de enfermeiras/os que figuren como aspirantes tamén no listado de curta duración no ámbito de atención especializada e figuren como dispoñibles, en activo no ano 2003, non serán ofertados os vínculos para cobertura de urxencias extrahospitalarias.

2º.- De non dispoñer de aspirantes suficientes para a cobertura da atención urxente extrahospitalaria nas listas especiais (ordinaria ou extraordinarias), poderá convocarse ós aspirantes do listado ordinario. Nunha primeira

convocatoria poderán voluntariamente subscribir os vínculos que pola súa orde se lles ofrezca, polo que de ser rexeitada a oferta non conlevará penalización.

3º.- Seguidamente se poderán ofrecer os vínculos ós profesionais que non teñan ofertados vínculos nas áreas limítrofes e que figuren inscritos nos listados especiais de urxencias extrahospitalarias. Tal oferta formalizarase unha vez rematadas as ofertas nesa área limítrofe. As áreas limítrofes figuran no Pacto de selección temporal. Formalizada a oferta a un aspirante da área limítrofe, de ser rexeitada, non conlevará penalización.

4º.- De non ser suficientes os aspirantes segundo os parágrafos anteriores, deberán convocar pola súa orde ós aspirantes que figuran nos listados elaborados por mor das diversas convocatorias extraordinarias, seguindo a orde de publicación das citadas convocatorias.

5º.- De non ter aspirantes suficientes tralas ofertas anteriores, se formalizará a oferta ós aspirantes que figuran na lista ordinaria e que non optaron na primeira oferta voluntaria que se refire no punto 2º. De rexeita-la oferta serán obxecto de penalización nos termos do Pacto de selección temporal. De coñecerse con anterioridade que será necesario este requirimento, deberá informarse ós profesionais na primeira oferta prevista no punto 2º anterior.

QUINTA: FORMALIZACIÓN DAS OFERTAS PARA NOMEAMENTO DE ATENCIÓN CONTINUADA.

1º.- Para a formalización das ofertas empregaranse as modalidades de vínculo para a cobertura de atención continuada previstas na Orde da Consellería de Sanidade de 22 de marzo de 2000 reguladora das modalidades de formalización dos vínculos temporais no SERGAS, así como tamén pola Circular 2/04 de 19 de xaneiro de 2004 sobre alta na Seguridade Social do

persoal eventual vinculado para a prestación de servicios de atención continuada e gardas médicas nas institucións sanitarias do SERGAS.

2º.- A formalización da oferta polo aspirante garantizará a cobertura da atención urxente extrahospitalaria nas condicións descritas na oferta, que deben figurar tamén na garantía que se subscriba.

3º.- Con carácter xeral, a subscrición da garantía de cobertura conlevará a formalización dun nomeamento de seis meses de duración dende o 1 de marzo ata o 31 de agosto de 2004, prorrogable automaticamente de manterse as circunstancias que o motivaron. A prórroga acordarase pola administración sanitaria previo tratamento na seo da Comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias.

4º.- O nomeamento vincula ó profesional para a cobertura de atención continuada por un número de horas que figura no mesmo, que serán realizadas según calendario mensual. No nomeamento constarán as horas correspondentes ó período en número suficiente para a cobertura prevista. O número de horas poderá ser obxecto de ampliación derivada das necesidades asistenciais. De darse esta incidencia será tratada polas xerencias na comisión de centro. As horas poderán ser obxecto de redución no suposto de suspensión do nomeamento para a realización da atención ordinaria ou por cesamento no vínculo con anterioridade ó período de vixencia, sempre que impida a realización das horas co calendario previsto. A tales efectos as horas realizadas que se computan no vínculo de atención continuada deberán constar no expediente persoal do profesional vinculado.

5º.- Os vínculos mediante a modalidade de nomeamento para atención continuada que non respondan á garantía, poderán realizarse segundo a causa que os motive por cada actividade, segundo o réxime anterior ó ano 2004, ou

ben por duración inferior a seis meses, sendo preferente a vinculación mensual. Neste caso, a vinculación mensual conlevará a alta continuada na Seguridade Social, de acordo co disposto na Circular 2/04 desta División, sempre que tivera previsto un requirimento de alomenos 80 horas de atención continuada en réxime de presenza física a realizar nun período de un mes.

6º.- O calendario mensual de quendas de atención continuada que debe realizar o profesional nomeado fixarase e notificarse con anterioridade, sen prexuízo da súa posible adaptación por mor da subscrición de vínculos ordinarios incompatibles na súa prestación co anterior por mor do incumprimento do réxime de descansos. De acordo co previsto na Circular 3/04 desta División, a Comisión de seguimento das carteleiras de traballo designada pola Comisión central de seguimento do pacto, terá coñecemento das incidencias que se produzan no reparto ponderado das quendas de traballo.

SEXTA: COBERTURA DE ATENCIÓN ORDINARIA E ALTA CONTINUADA.

1º.- Na selección de vínculos ordinarios, os profesionais que cubren as urxencias terán preferencia para vínculos de duración igual ou inferior a un mes no seu ámbito respecto dos aspirantes que figuran no listado xeral de cada categoría. Para a súa cobertura serán chamados de xeito sucesivo e rotatorio, sempre que os tempos e desprazamentos como as asignacións de tempos de traballo e descansos así o permitan, conciliando estas asignacións no reparto das quendas.

2º.- O aspirante vinculado para chamamentos de atención continuada de seis meses prorrogables poderá rexeita-lo ofrecemento de cobertura de atención ordinaria de duración determinada superior ó mes e ata un ano, sen penalización por renuncia, ó optar pola prestación de atención continuada xa

vinculada. Realizada a primeira renuncia non lle serán ofertados vínculos desta duración ata o cese do nomeamento para cobertura de atención continuada.

3º.- O disposto nestas instrucións sobre cobertura de atención ordinaria e da atención continuada así como a alta continuada á Seguridade Social regúlanse tamén polas instrucións desta División dictadas na Circular 2/04 sobre alta na Seguridade Social do persoal eventual vinculado para a prestación de servizos de atención continuada e gardas médicas nas institucións sanitarias do SERGAS de data 19 de xaneiro de 2004.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2004.

**O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO
SERVICIO GALEGO DE SAÚDE,**

Asdo.: José Ignacio Lema Piñeiro